


# A ENTREVISTA Á VÍTIMA DE VIOLENCIA DE XÉNERO NO ÁMBITO EDUCATIVO



# PARTINDO DA NOSA APRENDIZAXE



- 1 - Es titor/a dun grupo de 1º de bacharelato e nunha actividade do 25 N unha alumna rompe a chorar e marcha correndo ao baño
- 2 - Recibes un correo dunha alumna no que che di que non pode entregar o traballo, non pode concentrarse. Na casa, a súa nai, sofre violencia de xénero
- 3 - Unha das alumnas ás que lles das clase está baixando o rendemento de forma brusca, observas condutas de evitación cun grupo de alumnos entre os que está unha exparella súa, notas que está ansiosa e despistada, moito máis dun parámetro normal.



# No caso elixido:

1. Como reaccionarías?
2. Supoñendo que decides intervenir, describe brevemente as túas actuacións
3. No caso de concertar unha entrevista para saber que está ocorrendo
  - Onde e cando a farías?
  - Contarías con máis profesorado?
  - Que obxectivos marcarías para esa entrevista?
  - Que información tentarías destacar?
  - Falarías antes coa familia?
  - Que cómpre evitar?





OBSERVATORIO GALEGO  
DA VIOLENCIA DE XÉNERO



Guía de actuación  
ante casos de  
violencia de xénero  
no ámbito educativo

XUNTA DE GALICIA

<https://www.edu.xunta.gal/portal/es/node/32428>



# QUE É A ENTREVISTA?

A entrevista é unha técnica definida como:  
Unha reunión concertada para tratar un tema determinado. No tema que nos ocupa, os obxectivos da entrevista son os seguintes:

- Recoller a información da vítima
- Determinar as medidas necesarias contempladas no protocolo de violencia de xénero
- Valorar o potencial risco
- Crear un vínculo que permita acompañar á persoa na súa toma de decisións



# Pautas para a realización dunha entrevista

- Coidar o vínculo que se establece
- Buscar un lugar tranquilo e acolledor que non resulte intimidatorio
- Procurar que non se produzan inxerencias durante a entrevista: entradas fortuítas de persoas alleas, chamadas ...
- Garantir condicións de privacidade (non confundir con confidencialidade)
- Procurar que o momento da entrevista pase desapercibido para o resto do alumnado.
- Dedicarlle o tempo (sesións) que precise.
- É aconsellado que estea presente a persoa responsable do departamento de Orientación ou persoa coordinadora de benestar á infancia e a persoa que a alumna elixiu como destinataria da primeira confidencia ou que detectou indicios



SER UNA WARRA con INÉS HERNAND | Estirando el chicle 3x12



Share



3x12

ESTIRANDO  
EL CHICLE

SER UNA WARRA  
INÉS HERNAND

Watch on YouTube con Carolina Iglesias y Victoria Martín



Zahara: "Me llamaron puta con 12 años" | El #MeToo de la música española en Carne Cruda



**"ME  
LLAMARON  
PUTA A  
LOS 12  
AÑOS"**



Watch on YouTube

## O contexto comunicativo: coidar a elección da interlocución

A información recollida obtense a través da comunicación verbal e corporal, así como da observación profesional, de aí a importancia de coidar a interlocución na entrevista.

Partimos de que o elemento básico da entrevista **é a relación** que existe entre as partes que participan nela, polo que cómpre ter en conta a valoración previa sobre esa relación para establecer a idoneidade na interlocución. Así pois, como fase previa, hai que establecer unha boa relación profesional que facilite:

- A identificación das características dos feitos
- A necesidade de atención
- Valoración de risco que presenta a alumna

## A estrutura

A proposta que se ofrece é a realización dunha entrevista **semiestruturada**, con preguntas **abertas**.

A protagonista é a alumna, ela será a que directa ou indirectamente vai expoñendo a información para saber como debemos conducir a entrevista.

Hai que ter en conta que pode ser a primeira vez que realiza o relato pero pode que non sexa a última.

# A demanda

A entrevista busca atender unha demanda implícita da persoa que quiere dar o seu testemuño.

Debemos buscar o espazo e o momento para que se poida producir a comunicación sen inxerencias.

A demanda non sempre vai ser explícita, e ás veces debemos ir un paso máis alá e proporcionar unha oportunidade para que se produza esa demanda.

# Fase inicial da entrevista

O obxectivo desta fase é:

- Crear un clima cálido e de confianza
- Explicar claramente cal é o obxectivo e como se desenvolverá a entrevista
- Informar sobre a nosa disposición e apoio e as posibilidades de axuda



# Fase intermedia da entrevista

Creado o clima e vínculo, o aconsellable é comezar cunha pregunta aberta:

- Como te atopas?
- Que podo facer para axudarte?
- Por onde queres comezar?

Reservamos as preguntas pechadas para clarificar información relevante e precisa

- Lembras como reaccionaches?
- Había máis xente presente?
- Que recordas que aconteceu?

Estar atenta á linguaxe verbal e non verbal,

Nesta fase procuraremos crear unha hipótese da situación que contrastaremos coa alumna na fase final

É importante clarexar e valorar os posibles riscos e o grao dos mesmos.

# ASPECTOS A DETECTAR PARA A VALORACIÓN DO RISCO

A dinámica interaccional entre a vítima e o agresor.

Indicadores:

1. Asimetría de poder
2. Existencia de control da parella
3. Dependencia da parella
4. Estilo interactivo violento
5. Progresión na agresión



# 1. Asimetría de poder

- Identificar no relato da vítima indicadores da presenza dunha relación asimétrica coa súa parella
- Como e quen tomaba as decisións, se se impoñían normas na parella?
- Quen decidía saír, con quen, cando e como?
- Se podía decidir realizar actividades de lecer en solitario
- Se non podía realizalas: se a razón estaba relacionada co enfado del ou cos seus criterios, normas ou directamente agresións, imposicións e prohibicións
- Se debía gardar algunha pauta de relación social cos demais homes ou mulleres coñecidos ou descoñecidos.
- Se decidiu cambiar as súas opinións ou crenzas en canto a calquera aspecto da súa vida por evitar o enfado da parella
- Se a opinión da súa parella foi determinante nas súas eleccións en canto aos estudos.

Se as respostas son afirmativas e relacionadas con que era a parella a que decidía, aconsellaba, criticaba ou impoñía directamente os seus criterios, atoparemos indicios dunha relación sustentada no poder e a autoridade del sobre ela.



## 2- Existencia de control na parella

O control adoita aparecer en base a todos os ámbitos da vida da persoa

Saber se en todos eses ámbitos producíanse interrogatorios sobre o tipo de actividades que facía, cada canto tempo, intensidade e respostas da vítima.

- Se estes interrogatorios eran frecuentes
- Se lle servían as explicacións que daba ou era necesario retomalas unha e outra vez, se pedía probas.
- Se os interrogatorios cursaban con insultos ou agresións físicas.
- Se había control de obxectos persoais, diñeiro e gasto, aspecto físico, comportamento.
- Se lle revisaba as súas cousas, se controlaba o seu tempo, se falaba con persoas achegadas con intención de sonsacar ou aleccionar,
- Se a perseguía ou acompañaba sempre aínda que ela non quixese
- Se lle revisaba o correo ou o teléfono móbil

### 3. Dependencia da parella

- Se hai dependencia por razóns económicas.
- Se hai dependencia por razóns de illamento.
- Se ten rede de apoio
- Se hai dependencia relacional, non se ve capaz de abandonar á súa parella a pesar de saber que non a trata ben, xustifica o seu comportamento, minimízao, considera que é capaz de cambialo.
- Unha pregunta útil para coñecer o seu grao de dependencia é saber se a pesar de sufrir violencia admite que necesita continuar coa relación, cal é o límite de agresión que non estaría disposta a tolerar

## 4. O estilo interactivo violento de parella

- Saber se este é de tipo violento a nivel físico e/ou psicolóxico.
- Preguntar cando considera que xurdiu o primeiro conflito na parella.
- Quen retoma a relación despois dun enfado e como o fai.
- Preguntar sobre como se discute, se se utiliza o elevado ton de voz, se é frecuente un elevado ton emocional. Se os insultos, as críticas e reprochélos atópanse presentes,



## No plano de violencia física:

- Se se produce contra obxectos, animais, persoas.
- Cando se produce, onde, en presenza de quen, con que frecuencia e con que resultado de gravidade.
- Deben valorarse se hai violencia sexual, en que planos e sobre a súa frecuencia.
- Se hai incitación a malos hábitos ou prexuizos para a súa saúde (críticas á alimentación, consumo de drogas, interacción coa pauta de sono, ...)
- Se utilizou estratexias de apaciguamento e non se volveu a repetir a agresión, a vítima pode crer que podía controlar a resposta agresiva del, polo que nos atopamos coas dificultades de identificación da vítima de sufrir violencia de xénero.

## 5. Progresión na agresión

Coñecer a progresión da interacción agresiva


O estilo de resolución utilizado nas discusións ou nas agresións

- Preguntas relativas a cal foi a primeira vez que sentiu que algo non ía ben na súa relación.
- Describir en termos de interacción o ocorrido.
- Se foi criticada pola súa parella, se ela aceptou a imposición e comezou a facer algo diferente por medo a non ser apreciada ou para tranquilizalo
- Se esa “solución”, segundo ela, funcionou e se funcionou por moito ou pouco tempo.
- Se continuou, cal foi a agresión máis dolorosa, grave ou intensa para ela
- Que estratexias utiliza para defenderse
- A temática das discusións, sobre que tema xurdiu a primeira discusión, se segue sendo recorrente ou se ampliou a máis temas ou é aleatorio.

## Se as respostas conlevan:

- Un aumento das situacións de violencia sufrida
- Hai progresión na agresión
- O nivel de dano cada vez é maior.

Esatamos ante unha situación de **RISCO ALTO**



Eres una exagerada y una injusta. A mí me gustaría verte si tuvieras tanta rabia dentro. Precisamente por lo mal que lo está pasando, necesita que yo le ayude.

# Fase final da entrevista

- Resumir o que se viu ao longo da entrevista
- Planificar posibles citas e accións ou tarefas futuras tendo en conta as decisións e ritmo da alumna
- Abrir espazo para as dúbidas ou comentarios.
- Despedida, sen esquecer que non hai que deixar marchar a rapaza desanimada ou con sensación de desacougo.
- Hai que reforzar o valor do paso que está dando (evitar culpabilización, desvalorización, reprodución do medo e da vergoña)
- De valorar un risco alto haberá que comunicar ao equipo directivo e determinar as medidas preventivas (comunicación a corpos de seguridade e familia)

# Frases de reforzo

- Que importante é que teñas o valor de contalo
- Confiaches en min e vou a estar ao teu lado, vou acompañarte
- Contalo pode ser difícil, escóitoche
- Respode só ao que queiras
- Algunhas cousas (especificar cale), terei que contalas a outras persoas, avisareiche de cada paso
- Non é culpa túa

## Seguinte paso do protocolo

Tras a marcha da testemuña, o profesorado presente na entrevista (non máis de dúas persoas) ten a oportunidade de intercambiar impresións, consensuar unha toma de posición e facer de xeito conxunto a comunicación que cumpra á Dirección do centro coa maior brevidade e seguir os pasos indicados no protocolo.

# A evitar

1. Calquera intervención que culpabilice á usuaria ou a poña en situación de risco
2. Os modelos que tratan a violencia como se fora un fenómeno circular no que se posiciona á vítima no mesmo nivel de responsabilidade que ao agresor
3. Todas aquelas actuacións que priorizan a pureza/rixidez da norma ou do protocolo máis que a particular situación e ritmo de cada alumna

4. Non rematar as súas frases ou facer supostos. Non impacientarse

5. Están contraindicadas a confrontación ou entrevista conxunta entre a vítima e o agresor

6. Deben evitarse as intervencións paternalistas ou que desautonomicen á rapaza. Da mesma maneira evitaremos as intervencións que poidan producir revitimización

7. Nos casos de alumnas con problemas cognitivos está contraindicado sobrecargalas con demasiada información que pode xerar máis confusión nelas.


# INDICADORES DE VULNERABILIDADE

- Crenzas sobre a violencia de xénero (cultura patriarcal, relixiosidade, ...,crenzas da familia de de orixe)
- Minimización, xustificación ou tolerancia á violencia.
- Estilo interaccional familiar violento
- Exclusión social, densidade da rede de apoio, familia desestructurada
- Baixa autoestima
- Grao de preocupación polo estigma social
- Condición de persoa con diversidade funcional cognitiva
- Hábitos de consumo
- Credibilidade da vítima
- Posicionamento social do agresor

# A VIOLENCIA SEXUAL NORMALIZADA NO CENTRO EDUCATIVO

Nos centros educativos de secundaria, as mozas sofren determinadas violencias sexuais que tamén tenden a normalizarse, como, por exemplo:

- Tocamentos sen consentimento.
- Acurralarte nun corredor obrigándote a que pases sabendo que te van tocar sen desexalo.
- Que existan normas de vestiario para as mozas e non para os mozos.
- Cando se fan listaxes: a que ten máis tetas, a que ten mellor cu, a que está máis boa, máis follable, etc.
- Envío de imaxes ou vídeos pornográficos ou contido explícito sen solicitalo



# RECURSOS

- Centros de información á muller
- Servicios sociais comunitarios
- Oficinas de Atención ás Víctimas
- Forzas de seguridade
- Centros Quérote+

## Educación:

- Comisión de igualdade do centro e asesoría de igualdade da Consellería
- Consello escolar
- Guía de actuación ante casos de violencia de xénero (da consellería)



48 Cosas que las mujeres escuchan a lo largo de su vida



Share

# 48 COSAS QUE LAS MUJERES ESCUCHAN\*

Watch on  YouTube



48 frases que los hombres escuchan a lo largo de su vida



Watch later



Share

# 48 COSAS

QUE LOS HOMBRES ESCUCHAN  
A LO LARGO DE SU VIDA

HUFF  
POST

Watch on  YouTube



Querido papa - ( Dear dad ) - Duro cortometraje contra la violencia de género en español - Noruega



Share



Watch on  YouTube

# MOITAS GRAZAS POLA VOSA ATENCIÓN!



Coordinadora dos centros Quérote+

Traballadora social e sexóloga

Docente en xénero, acreditación Xunta

Quérote+ Santiago R/Ramón Piñeiro 19

[paula.fernandez.rico@xunta.gal](mailto:paula.fernandez.rico@xunta.gal)

881997614